

Formación Intervención Xeral Seguridade Social
Concurso Servizos Prevención
Acción Social
Proceso selectivo C1 Seguridade Social

marzo/2023

FORMACION I.X.S.S.

O pasado mércores día 28, tivemos unha xuntanza na Intervención Xeral da Seguridade Social, unha xuntanza que como ben dicía na convocatoria, foi informativa,, non de negociación, nela deixóusenos claro, que a pesares reivindicación da **CIG** para que se formalice a Comisión Central de formación da Intervención, nos mesmos termos que xa existen no resto das Entidades agás nos Servicios Xurídicos, esta non o contempla en ningún caso, dando como xustificación que na Intervención todo o mundo ten acceso a toda a formación, sen restricións, e que polo tanto non se vai a constituír, pero si que están dispostos a ter todas as xuntanzas que entendamos son necesarias para informar do desenrolo da mesma.

Dito isto, pasaron a comentar os resultados da formación impartida no ano 2023, e a presentarnos o proxecto para o 2024.

CONCURSO SERVICIOS PREVENCIÓN

O xoves 29 de febreiro, continuamos coa xuntanza do grupo de traballo de Prevención de Riscos Laborais, co obxectivo de rematar coa inexistente negociación das bases do concurso de traslados que tanto anos leva a **CIG** reclamando, neste caso unha vez mais asistimos á negativa da Administración a moverse sequer uns milímetros da súa postura, polo tanto ningún avance respecto da derradeira xuntanza do 15 de febreiro, é dicir, segue falando da imposibilidade de modificar as bases comúns impostas por Función Pública, a pesares de que hai outros concursos específicos publicados con elas diferentes.

En principio, a solicitude da **CIG**, tamén sairá na convocatoria, a praza de Vigo que queda vacante este mes de marzo.

ACCIÓN SOCIAL

Decotío á xuntanza de PRL, tivemos un primeiro contacto do grupo de traballo de Acción Social, co fin de modificar ou elaborar unha nova circular, para os vindeiros anos.

No Acordo do 16 de maio, no que entre outros puntos (todos incumpridos por parte da Administración), coincidiamos na necesidade de darlle unha volta en profundidade a esta Circular. Entendemos que como punto de partida temos unha boa Circular, pero recortada en presuposto dende hai xa bastantes anos coa escusa da famosa crise, e xa vai sendo o momento de recuperar como mínimo o orzamento perdido dende aquelas, a pesares de ter feito achegas que entendemos son necesarias, pedimos esa recuperación do presuposto, que a Administración nega alegando que teñen as mans atadas no tema orzamentario. Ante iso, a CIG insistiu e preguntar se de verdade nalgún momento o Ministerio solicitou de verdade con papel o incremento orzamentario, pregunta a que non foron capaces de responder máis que cun “entendemos que si, pero que eles non se encargan de esa parte”, o que nos leva a crer que nunca o fixeron.

De todos os xeitos, o Ministerio e as Entidades, unicamente nos presentaron unhas tímidas propostas, que mais ben eran mínimas matizacións da mesma..

Ao final acordouse que estudaran máis en profundidade as achegas da parte social, e que mandaran unha nova proposta nunha nova xuntanza.

PROCESO SELECCIÓN INGRESO LIBRE C1

Unha vez rematada a xuntanza, informásenos por parte da Subdirectora Xeral, que o proceso selectivo dos 2.500 interinos C1 de Seguridade Social de ingreso libre, será mediante o sistema de Oposición.